

JORNADAS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES

Cuidando a las personas: regreso al trabajo tras una baja de larga duración



Santiago de Compostela
Parador Hostal de los Reyes Católicos

12 y 13 Julio 2018



XUNTA DE GALICIA

ISSGA
INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

Más información
www.jornadasprevencion.org



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL

inssbt

Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo

PRESENTACIÓN

La Xunta de Galicia, a través de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, y de su órgano técnico en la materia, el Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), y el Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo (INSSBT), pretendemos con esta jornada ahondar en problemáticas cada vez más cotidianas y que sin duda deben ser objeto de debate, estudio y respuesta en una sociedad moderna, avanzada, y que tiene como valor principal en las organizaciones a las personas.

Por ello y teniendo como marco de referencia la Estrategia Española de Seguridad y Salud en el Trabajo 2015-2020 en la que hemos participado la Administración general del Estado, las distintas comunidades autónomas y los interlocutores sociales, organizamos este foro de encuentro sobre la reincorporación al trabajo tras una baja de larga duración.

Para ello contamos con profesionales de prevención de reconocido prestigio, de instituciones públicas y privadas, y con entidades que han desarrollado programas en este ámbito que deben tender a normalizarse.

Esta colaboración demuestra en el orden científico-técnico la buena sintonía y las sinergias que existen en un trabajo en común y en beneficio de todos, ya que tanto en el marco europeo como en la estrategia española ya mencionada, como en la estrategia gallega, se incorporan líneas de actuación en este ámbito.

ESTRATEGIA ESPAÑOLA DE SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO 2015-2020

Esta estrategia se convierte en el principal instrumento que la Administración general del Estado y las distintas comunidades autónomas diseñaron y ejecutan, junto con los interlocutores sociales, a nivel estatal. Se completa y se singulariza con las distintas estrategias o instrumentos similares de cada uno de los territorios, en el desarrollo de la gestión y ejecución de las políticas públicas en esta materia.

El Plan de Acción 2017-2018 de la Estrategia recoge la realización de actividades de divulgación y difusión en las comunidades autónomas, con el fin de potenciar la sensibilización de la sociedad en materia de prevención de riesgos laborales, promoviendo la mayor implicación posible de los actores relevantes en el ámbito de la PRL.



ESTRATEGIA GALLEGA DE SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO 2017-2020

La Estrategia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 es la herramienta en la que se contemplan las directrices, líneas de actuación y objetivos a conseguir, pactados como política en la materia de PRL, por la Xunta de Galicia y los interlocutores sociales.

Sin perjuicio de la participación de Galicia en la estrategia española, y de esta en el marco europeo, la estrategia gallega nos permite afrontar la realidad de nuestro tejido empresarial, ahondar en nuestra problemática en salud laboral, y en diseñar desde el punto de vista político y técnico la respuesta a nuestros trabajadores y trabajadoras, a la vez que dotarnos de un instrumento que permita una constante revisión y adaptación a los cambios constantes, a la innovación, a las nuevas formas de trabajo y de organización, sin olvidarnos de viejos problemas sin resolver.

La estrategia gallega tiene 6 grandes objetivos estratégicos:

Mejorar la eficiencia de las instituciones públicas dedicadas a la PRL

Promover la participación e implicación de los interlocutores sociales y de los actores implicados en la seguridad y salud en el trabajo

Mejorar y facilitar el cumplimiento efectivo de la normativa sobre PRL, así como su vigilancia y control

Potenciar actuaciones de las Administraciones públicas en materia de análisis, investigación, información, promoción, apoyo y asesoramiento en PRL

Promover la mejora de las condiciones de seguridad y salud en el trabajo, con especial atención a sectores, actividades empresariales y colectivos y empresas que presentan mayor riesgo

Potenciar una formación de calidad en materia de PRL y la consolidación de una cultura preventiva en la sociedad gallega

El Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), a través de sus planes anuales de actuación, se constituye como el principal ejecutor para el desarrollo continuado en el período de vigencia de la estrategia, teniendo muy en cuenta la coordinación con otras unidades administrativas con competencias concurrentes en la Xunta de Galicia, y de manera muy especial con la Inspección de Trabajo y Seguridad Social.

Objetivo común:
una reincorporación
precoz y efectiva de
manera sostenible.

CUIDANDO A LAS PERSONAS: REGRESO AL TRABAJO TRAS UNA BAJA DE LARGA DURACIÓN

La esencia de los contenidos de esta jornada son las ideas que reflejan a continuación, que ha puesto de manifiesto la Agencia Europea Europea para la Seguridad y la Salud en el Trabajo.

El envejecimiento de la población trabajadora es un hecho, y la reincorporación al puesto de trabajo tras una baja es una cuestión de creciente importancia a medida que los problemas de salud crónicos y las discapacidades son más frecuentes con la edad.

Tanto la empresa como toda la sociedad debe de valorar con un beneficio real el fomentar la reincorporación de las personas trabajadoras de manera precoz tras una enfermedad o lesión, así como de ayudar a sus trabajadores y trabajadoras con problemas de salud crónicos a mantener su puesto de trabajo.

En algunos casos, esto puede suponer adaptaciones temporales o a largo plazo de los lugares de trabajo o la formación de los trabajadores y las trabajadoras para el desempeño de otras tareas.

Cuanto mayor es la duración de la ausencia por enfermedad, mayores son las barreras que las personas experimentan a la hora de reincorporarse y menor es la probabilidad de una reinserción efectiva y duradera.

Garantizar una reincorporación fluida al puesto de trabajo supone una serie de beneficios:


- Conservar las habilidades y los conocimientos del trabajador enfermo/lesionado
- Minimizar la pérdida de productividad asociada
- Reducir los costes de contratación y formación de nuevos trabajadores
- Mantener la moral del resto de trabajadores
- Garantizar una reincorporación efectiva al puesto de trabajo



Aspectos clave:

Evaluación de riesgos SSL + Vigilancia de la salud tras enfermedad prolongada = adaptación del puesto

Los siguientes elementos pueden facilitar una reincorporación oportuna al puesto de trabajo tras una baja por enfermedad o lesión:



XORNADAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Coidando as persoas: regreso ao traballo tras unha baixa de longa duración



Santiago de Compostela
Parador Hostal dos Reis Católicos

12 e 13 Xullo 2018



XUNTA
DE GALICIA

ISSGA
INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

Máis información
www.jornadasprevencion.org



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO, MIGRACIONES
Y SEGURIDAD SOCIAL

inssbt

Instituto Nacional de Seguridad
y Bienestar en el Trabajo

PRESENTACIÓN

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e do seu órgano técnico na materia, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), e o Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo (INSSBT), pretendemos con esta xornada afondar en problemáticas cada vez máis cotiás e que, sen dúbida, deben ser obxecto de debate, estudo e resposta nunha sociedade moderna, avanzada, e que ten como valor principal nas organizacións ás persoas.

Por iso e tendo en conta como marco de referencia a Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020 na que participamos a Administración xeral do Estado, as distintas comunidades autónomas e os interlocutores sociais, organizamos este foro de encontro sobre a reincorporación ao traballo tras unha baixa de longa duración.

Para iso contamos con profesionais de prevención de recoñecido prestixio, de institucións públicas e privadas e con entidades que desenvolveron programas neste ámbito que deben tender a normalizarse.

Esta colaboración demostra na orde científico-técnica a boa sintonía e as sinerxías que existen nun traballo en común e en beneficio de todos, xa que tanto no marco europeo como na estratexia española xa mencionada, como na estratexia galega, se incorporan liñas de actuación neste ámbito.

ESTRATEGIA ESPAÑOLA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO 2015-2020

Esta estratexia convértese no principal instrumento que a Administración Xeral do Estado e as distintas comunidades autónomas deseñaron e executan, xunto con outros interlocutores sociais, a nivel estatal. Complétase e singularízase coas distintas estratexias ou instrumentos similares de cada un dos territorios, no desenvolvemento da xestión e execución das políticas públicas nesta materia.

O Plan de Acción 2017-2018 da Estratexia recolle a realización de actividades de divulgación e difusión nas comunidades autónomas, co fin de potenciar a sensibilización da sociedade en materia de prevención de riscos laborais, promovendo a maior implicación posible dos actores relevantes no ámbito da PRL.



ESTRATEGIA GALEGA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO 2017-2020

A Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 é a ferramenta na que se contemplan as directrices, liñas de actuación e obxectivos a conseguir, pactados como política en materia de PRL pola Xunta de Galicia e os interlocutores sociais.

Sen prexuízo da participación de Galicia na estratexia española, e desta no marco europeo, a estratexia galega permítenos afrontar a realidade do noso tecido empresarial, afondar na nosa problemática en saúde laboral, e en deseñar desde o punto de vista político e técnico a resposta aos nosos traballadores e traballadoras, á vez que dotarnos dun instrumento que permita unha constante revisión e adaptación aos cambios constantes, á innovación, ás novas formas de traballo e de organización, sen esquecermos os vellos problemas sen resolver.

A estratexia galega ten 6 grandes obxectivos estratéxicos:

Mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais

Promover a participación e implicación dos interlocutores sociais e dos actores implicados na seguridade e saúde no traballo

Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre PRL, así como a súa vixilancia e control

Potenciar actuacións das administracións públicas en materia de análise, investigación, información, promoción, apoio e asesoramento técnico en PRL

Promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, con especial atención a sectores, actividades empresariais e colectivos e empresas que presentan maior risco

Potenciar una formación de calidade en materia de PRL e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), a través dos seus plans de actuación, constitúese como o principal executor para o desenvolvemento continuado no período de vixencia da estratexia, tendo moi en conta a coordinación con outras unidades administrativas con competencias concorrentes na Xunta de Galicia, e de maneira moi especial coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Obxectivo común:
unha reincorporación
precoz e efectiva de
maneira sostible.

COIDANDO AS PERSOAS: REGRESO AO TRABALLO TRAS UNHA BAIXA DE LONGA DURACIÓN



A esencia dos contidos desta xornada son as ideas que se recollen a continuación, que puxo de manifesto a Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo.

O envellecemento da poboación traballadora é un feito, e a reincorporación ao posto de traballo tras unha baixa é unha cuestión de crecente importancia a medida que os problemas de saúde crónicos e as discapacidades son máis frecuentes coa idade.

Tanto a empresa como toda a sociedade debe valorar cun beneficio real o fomentar a reincorporación das persoas traballadoras de maneira precoz tras unha enfermidade ou lesión, así como de axudar aos seus traballadores e traballadoras con problemas de saúde crónicos a manter o seu posto de traballo.

Nalgúns casos, isto pode supoñer adaptacións temporais ou a longo prazo dos lugares de traballo ou a formación dos traballadores e traballadoras para o desempeño doutras tarefas.

Canto maior é a duración da ausencia por enfermidade, maiores son as barreiras que as persoas experimentan á hora de reincorporarse e menos é a probabilidade dunha reinserción efectiva e duradeira.

Garantir unha reincorporación fluída ao posto de traballo supón unha serie de beneficios:

- Conservar as habilidades e os coñecementos do traballador enfermo/lesionado
- Minimizar a perda de produtividade asociada
- Reducir os costes de contratación e formación de novos traballadores
- Manter a moral do resto de traballadores
- Garantir unha reincorporación efectiva ao posto de traballo

Aspectos clave:

A avaliación de riscos SSL + A vixilancia da saúde tras enfermidade prolongada = adaptación do posto

Os seguintes elementos poden facilitar unha reincorporación oportuna ao posto de traballo tras unha baixa por enfermidade ou lesión:

